

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2014 pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda das axudas do Igape de apoio ás iniciativas abertas de difusión, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013.

Mediante Resolución do 26 de novembro de 2013 publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape de apoio ás iniciativas abertas de difusión, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2007-2013 (DOG núm. 230, do 2 de decembro) procedéndose á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2014, por trámite anticipado de gasto. As ditas bases foron modificadas mediante Resolución do 24 de marzo de 2014 (DOG núm. 61, do 28 de marzo).

Por parte do órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no artigo 10 das ditas bases reguladoras, están sendo analizadas as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron á presente convocatoria de axudas.

Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que non reúnen algún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 8.4 das bases reguladoras dispón que, de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b) e 60 da Lei 30/1992, este requirimento de emenda se realizará preferentemente mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es, onde se establecerá o contido pormenorizado do requirimento que se fai.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade á relación de solicitantes de axuda xa revisadas que deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo a esta resolución.



Segundo. Requirit aos solicitantes incluídos no dito anexo para que, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos conforme se lles indique na información detallada do requirimento dispoñible no enderezo www.tramita.igape.es, ao que accederán a través da aplicación informática habilitada para estas axudas co NIF e código IDE, desde a páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), na oficina virtual.

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 8.4 das bases reguladoras, no suposto de que non se atenda o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, teráselle por desistido na súa petición ao solicitante e archivarase o expediente, tras a correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2014

Javier Aguilera Navarro
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO
Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación

Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG114.2014.1.3	Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social (Fremss)	G70357173
IG114.2014.1.5	Asociación Profesional de Coaching, Grow Coaching	G27785930
IG114.2014.1.11	Asociación Clúster da Madeira de Galicia	G32290439
IG114.2014.1.16	Ineo	G36969525
IG114.2014.1.20	Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego	G70115282
IG114.2014.1.21	Rede Galega de Empresas	G15803760
IG114.2014.1.22	Asoc. Intersectorial e Interterritorial de Auton. y Peq. Empresas de Galicia	G36550630
IG114.2014.1.23	Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia	G36905040
IG114.2014.1.24	Asociación de Jóvenes Empresarios Vigo	G36801876
IG114.2014.1.26	Fundación Semana Verde de Galicia	G36155208
IG114.2014.1.27	Fundación Semana Verde de Galicia	G36155208
IG114.2014.1.28	Asociación de Xóvenes Empresarios de Bergantiños	G15394760
IG114.2014.1.30	Asociación Gallega de Ferias - Agafe	G32429953
IG114.2014.1.45	Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP)	G36615219

CVE-DOG: j0aorqz7-1zd0-9wx8-bbr7-wnvgf6q1ny9



Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG114.2014.1.47	Conxemar	G36636819
IG114.2014.1.48	Asociación de Executivas de Galicia	G70301916
IG114.2014.1.49	CCA Compostela Monumental	G15382468
IG114.2014.1.50	Conxemar	G36636819
IG114.2014.1.51	Asoc. Intersectorial e Interterritorial de Auton. y Peq. Empresas de Galicia	G36550630
IG114.2014.1.52	Asoc. Intersectorial e Interterritorial de Auton. y Peq. Empresas de Galicia	G36550630
IG114.2014.1.53	Asoc. Intersectorial e Interterritorial de Auton. y Peq. Empresas de Galicia	G36550630
IG114.2014.1.54	Clúster Tic Galicia	G70157581
IG114.2014.1.55	Clúster Tic Galicia	G70157581
IG114.2014.1.56	Aecalpo	G36274306
IG114.2014.1.57	Asoc. Empr. Ferrolterra	G15366693
IG114.2014.1.58	Asociación Clúster do Audiovisual Galego	G15891260
IG114.2014.1.60	Confederación Industrias Textiles de Galicia	G36681039
IG114.2014.1.64	Universidade de Vigo - rectorado	Q8650002B
IG114.2014.1.65	Fundación Galicia Sustentable	G70193537
IG114.2014.1.67	Clúster del Agua Mineral y Termal de Galicia	G70311568
IG114.2014.1.72	Asociación Cambados Zona Centro, Centro Comercial Urbano de Cambados	G36245306
IG114.2014.1.73	Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés	G36340685
IG114.2014.1.76	Federación Empresas Cooperativas Sinerxia	V36783470
IG114.2014.1.77	Federación Empresas Cooperativas Sinerxia	V36783470
IG114.2014.1.78	Asociación Española de Dirección y Desarrollo de Personas	G28464873
IG114.2014.1.79	Círculo de Jóvenes Empresarios de Ourense	G32411118
IG114.2014.1.80	Asociación Marineda Jóvenes Empresarios	G15581259
IG114.2014.1.81	Asociación Marineda Jóvenes Empresarios	G15581259
IG114.2014.1.85	Fundación Ronsel	G15752660

